




Área / Unidade CONCELLARÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR AD0000 SAL	Documento AD015100LY	
Código de verificación  4Y0R 7344 2934 041V 0JMN	Expediente AD0/2020/23	
	Fecha 28-07-2021	

INSTRUCCIÓN PARA A AXILIZACIÓN DA TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIÓNS COMO MEDIDA DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO DA CORUÑA NO EXERCICIO 2021

LIMIAR

A corporación municipal do Concello da Coruña aprobou por unanimidade, na sesión plenaria celebrada o día 8 de xullo de 2021, os expedientes M2 e M3, de modificación do Orzamento municipal do Concello da Coruña vixente para o exercicio 2021.

Estas modificacións supoñen, polo que respecta ao M2, a dotación do crédito necesario para o financiamento das diferentes liñas de axuda que conforman o Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña (PRESCO) para este ano. Polo que atinxe ao M3, implica a aprobación tanto de novas subvencións nominativas como de suplementos de crédito para outras que xa figuraban no Anexo de subvencións nominativas que obtivo luz verde no pleno extraordinario celebrado o 24 de febreiro, no que se sacou adiante o modificativo denominado M1.

Estes dous modificativos (M2 e M3) constitúen a expresión do compromiso e implicación desta Administración municipal á hora de contribuír a paliar, cando menos en parte, as graves consecuencias económicas e sociais derivadas da pandemia provocada pola COVID-19. Resulta notorio que esta crise ten e continuará a ter unha incidencia notable en todos os ámbitos da sociedade coruñesa. Como consecuencia da grave situación económica xerada pola propagación do virus, detectáronse múltiples situacións de vulnerabilidade que están a ser atendidas, en moitos casos, a través da actividade subvencional do Concello da Coruña.

Polo tanto, tendo en conta o contexto mencionado así como as directrices establecidas pola alcaldesa da cidade nas diferentes xuntanzas levadas a cabo polo Goberno local, e en liña cos acordos alcanzados entre todos os grupos políticos que conforman a corporación municipal, esta Administración, a través das diferentes unidades xestoras, **asume o compromiso de axilizar a tramitación e o pagamento de todas as axudas e subvencións, tanto as convocatorias en concorrencia competitiva xa aprobadas e publicadas, así como as pendentas de aprobación e publicación. Ao mesmo tempo, asume o compromiso de axilizar o peche das xustificacións das subvencións do pasado exercicio.**

Unha tramitación áxil que servirá non só para que as persoas físicas ou xurídicas beneficiarias das axudas poidan afrontar e paliar en prazo as consecuencias negativas da crise, senón tamén para cumprir co obxectivo de execución orzamentaria.



A presente Instrución incorpora novos aspectos a ter en conta na tramitación e xustificación das subvencións, co obxecto de aportar seguridade xurídica e evitar posibles causas de reintegro, ao tempo que reitera determinacións xa recollidas na Instrución do 15 de maio de 2020, ditada coa mesma finalidade que esta que se tramita agora.

A presente Instrución dítase ao abeiro e cos efectos do artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e de acordo coa competencia delegada da Xunta de Goberno Local (Acordo do 28.06.2019, BOP número 124 do 03.07.2019).

INSTRUCCIÓN

As direccións das áreas, as xefaturas de servizo e os servizos xestores cumprirán en relación coa tramitación das subvencións as seguintes **determinacións**:

1.- CALENDARIZACIÓN

1.1. Para as liñas subvencionais non afectadas polos modificativos M2 e M3 aprobados pola corporación municipal en pleno o 8 de xullo de 2021, **as bases das convocatorias das subvencións en concorrencia deberán estar** aprobadas e publicadas no BOP, no portal de transparencia municipal e na Base de Datos Nacional de Subvencións **antes do 10 de setembro de 2021**.

Do mesmo xeito, **os convenios que articulen subvencións nominativas**, agás por xustificación motivada ou petición expresa da entidade, **deberán estar asinados antes do 10 de setembro de 2021**.

1.2. **As liñas subvencionais nominativas** afectadas polo modificativo M3, tanto as de nova aprobación como as que resultaron suplementadas e para as que haberá que tramitar as oportunas addendas en caso de que xa foran asinados os respectivos convenios, deberán asinarse **antes do 10 de setembro de 2021**.

1.3. Polo que respecta ás liñas subvencionais específicas derivadas do **PRESCO 2021, unha vez que entre en vigor o modificativo M2**, procederá, sen dilación, a elevar as bases e as convocatorias para a súa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, e posteriormente se publicarán no BOP, no portal de transparencia municipal e na Base de Datos Nacional de Subvencións.



2.- TRAMITACIÓN DOS CONVENIOS QUE ARTICULAN SUBVENCIONS NOMINATIVAS

2.1 IDENTIFICACIÓN NO OBXECTO DO CONVENIO DO PROXECTO E/OU ACTIVIDADES E ACCIÓNS QUE SE SUBVENCIONAN. RESUMO DA MEMORIA PRESENTADA POLA ENTIDADE

En cumprimento do disposto no artigo 49.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público –LRXSP- os convenios deberán incorporar, ademais da finalidade específica que figura no Anexo de subvencións nominativas, **un resumo do proxecto e/ou accións a realizar e dos obxectivos que se pretenden acadar**; prazos de realización das mesmas, persoas destinatarias, etc., segundo o proxecto ou memoria presentada pola entidade.

O convenio debe ofrecer explicación sobre o proxecto que se financia de xeito que calquera persoa interesada poida coñecer, resumidamente, a carga modal que a beneficiaria asume coa concesión da subvención.

2.2. IMPORTE DA SUBVENCIÓN E DO ORZAMENTO PRESENTADO POLA ENTIDADE

Para os convenios que se asinen a partir da presente Instrución, na cláusula que fai referencia ao importe da subvención deberá reflectirse, ademais, a totalidade do gasto orzamentado pola entidade (ver o punto 3 da Instrución), aos efectos de deixar constancia de que ese será o gasto que deberá xustificar.

2.3. INDICADORES DA ACTIVIDADE E DO RESULTADO

As memorias que presenten as entidades e, en todo caso o convenio que se asine, deberán incorporar os indicadores da actividade e do resultado, que se aplicarán ao seguimento e posterior xustificación da actividade ou proxecto subvencionado.

Deste xeito, as áreas xestoras municipais poderán elaborar a memoria de avaliación das liñas subvencionais de cada área xestora municipal, en consonancia co que se prevé no futuro Plan estratéxico de subvencións do Concello da Coruña, que será aprobado en breve.

A memoria final que a entidade presente para a xustificación deberá recoller o resultado deses indicadores e as desviacións que se produciran nos mesmos: valor obxectivo previsto, valor alcanzado e porcentaxe de consecución.

Entre os indicadores pódense ter en conta, a título de exemplo: número de persoas beneficiarias estimadas do proxecto/acción, número de asistentes estimados aos cursos, perfil das persoas beneficiarias: idade, sexo, nivel formativo, etcétera; número de actividades previstas/realizadas; número de consultas web, entre outros. Todo isto sen prexuízo daqueles indicadores concretos máis directamente relacionados coa subvención específica de que se trate.



2.4. CAUSAS E PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN

De acordo co previsto no artigo 49. g) da LRXSP (réxime de modificación do convenio) e nos artigos 61, 64 e 86 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá sinalar que a entidade beneficiaria se compromete a realizar o proxecto e/ou actividades nos termos que figuran na memoria e documentación presentadas coa solicitude, coas modificacións que, no seu caso, fosen aceptadas polo Concello durante o período de execución, sempre que esas modificacións non alteren a finalidade que se pretende conseguir coa subvención outorgada.

Debe quedar clara a obriga da beneficiaria de someter á autorización previa calquera modificación para que poida ser obxecto de valoración municipal a súa adecuación aos presupostos obxectivos e económicos que constituíron a base para a súa concesión. Con isto, o que se pretende evitar son as posibles obrigas posteriores de reintegro.

2.5.- PARTES DE SINATURAS DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

Aqueles convenios nos que a subvención nominativa contribúa ao financiamento de actividades de formación deberán mencionar no mesmo que, coa presentación da documentación da xustificación, deberán achegar os partes de sinaturas de asistentes e formador/a coa data e hora de inicio e fin de cada sesión formativa que se realice.

2.6. ADDENDAS AOS CONVENIOS XA ASINADOS

Como consecuencia dos modificativos M2 e M3 algunhas liñas de subvención nominativas foron obxecto de suplemento de crédito, o que significa que será necesario asinar addendas naqueles casos en que xa estivera asinado o convenio co importe que figuraba no modificativo M1.

Será necesario que a entidade presente a través do rexistro electrónico municipal a solicitude de addenda ao convenio xa asinado, a solicitude de pago anticipado da cantidade incrementada e o novo orzamento de ingresos e gastos sempre que o déficit orzamentario que resulte (ingresos menos gastos) poida ser cuberto pola cantidade final que figura no orzamento.

Cando o déficit orzamentario non poida ser cuberto coa cantidade final, será necesario presentar nova memoria de actividade, igual que no suposto de que se incrementen as accións/actividades do proxecto inicial presentado.

En ambos os dous casos, a resolución que aprobe a addenda incorporará a modificación das cláusulas que resulten afectadas.



2.7. OUTRAS CONSIDERACIÓNS A INCORPORAR SEGUNDO A INSTRUCIÓN DO 15 DE MAIO DE 2020

Lémbranse as seguintes:

PAGOS ANTICIPADOS: Con carácter xeral, deberá aprobarse o **pago adiantado de ata o 90% do total da subvención** concedida, polo que a garantía do pago adiantado será como máximo do 10%. No caso das subvencións ás que se lles aplica a Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar Social (BOP 19.02.2005), pódense anticipar pagos de ata o 98%, sendo a garantía mínima, polo tanto, do 2%.

ORZAMENTO A SUBVENCIONAR: Procurarase subvencionar o **total da actividade e**, no caso das subvencións en concorrencia competitiva –sen prexuízo de normativa específica–, poderase aplicar, como un posible criterio de concesión, a **porcentaxe de cofinanciamento** que achegue a entidade, de xeito que as entidades que máis cofinanciamento acheguen, máis posibilidades terán de obter a financiación total da acción ou actividade.

TÉCNICAS DE MOSTRAXE PARA A XUSTIFICACIÓN: Co fin de axilizar de cara ao vindeiro ano as xustificacións, as bases da convocatoria e os convenios nominativos poden recoller a utilización de técnicas de mostraxe.

RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO SEN XUSTIFICACIÓN PREVIA CONFORME: Co fin de axilizar a concesión das subvencións e a sinatura dos convenios, efectuarase a tramitación ata a resolución de concesión que, no caso de que aínda non estivera xustificada a do ano anterior ou anteriores, levará un apartado específico no que se sinale que o recoñecemento da obriga queda condicionado ao peche con conformidade da xustificación.

Unha vez pechada conforme a xustificación, poderá continuarse coa tramitación para facer o pago anticipado.

CLAÚSULAS DE IGUALDADE E PUBLICIDADE: As bases das convocatorias e os convenios deberán facer mención ao disposto nos artigos 31 a 34 (uso non sexista da linguaxe e eliminación de estereotipos), e no artigo 42 (subvencións públicas) da Ordenanza municipal da Coruña para a igualdade na diversidade (BOP núm. 204, do 25 de outubro de 2019).

En canto á imaxe corporativa a incorporar polas entidades na publicidade de todas as actividades subvencionadas, remitimos á ligazón da web municipal na que se recolle o manual de imaxe corporativa vixente na actualidade:
<https://www.coruna.gal/web/gl/concello/administracion/imaxe-corporativa>



2.8. EMPREGO DA LINGUA GALEGA

Os convenios e as bases reitoras/convocatorias das subvencións deberán recoller de forma expresa como obriga das entidades beneficiarias, segundo impón o artigo 20.4 da Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña (BOP núm. 116, do 22 de xuño de 2021) que “a comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais etc.) á que dea lugar toda a actividade subvencionada polo Concello da Coruña deberá estar en lingua galega”.

Ao mesmo tempo, e segundo o mesmo artigo, nas subvencións en concorrencia competitiva “valorarase como criterio positivo na concesión das subvencións e axudas as iniciativas e actividades que contribúan á normalización e ao incremento do uso e prestixio da lingua galega”.

Polo demais, resulta de aplicación o Capítulo IV, relativo ao uso da lingua galega na documentación e actuación administrativa que orixine a tramitación da actividade subvencional do Concello; así como o Capítulo V, referente aos anuncios oficiais da corporación que se publiquen no BOP e no DOG, que “serán redactados, con carácter xeral, e publicados en galego”.

Sen embargo, para a publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións será preciso tamén que a documentación a publicar figure en lingua castelá.

3.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O convenio e as bases da convocatoria deberán recoller que o **importe da subvención** está vencellado **ao orzamento total** da actividade ou proxecto subvencionado presentado pola entidade e **que, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit (ingresos menos gastos) do devandito orzamento.**

A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade ou proxecto de que se trate **nos termos da memoria presentada** ou, no seu caso, da reformulación realizada.

Haberá de xustificarse **a totalidade do gasto orzamentado** pola beneficiaria aprobado na resolución declarativa da subvención ou da súa addenda. Ese gasto será o indicado no seu día no orzamento presentado coa solicitude e coa addenda, no seu caso.

En consecuencia, **as facturas terán que presentarse polo conxunto da actividade, programa, proxecto ou actuación subvencionada aínda cando o importe da subvención municipal sexa inferior ao orzamento inicial.**

Por esta razón e para evitar hipotéticos reintegros futuros, suscítase que os orzamentos das actividades e/ou proxectos subvencionables se axusten ás necesidades efectivas e subvencionables.



Considerando que a tramitación será exclusivamente electrónica, non será necesario o estampillado das facturas orixinais. Con todo, o estampillado deberá realizarse se en actuacións de comprobación polo servizo xestor, auditoría ou control financeiro así fose requirido, indicando a orixe do financiamento, así como a porcentaxe da subvención do Concello da Coruña que se imputa ás mesmas.

Os pagos relacionados coa finalidade da subvención realizaranse preferentemente desde unha única conta bancaria da entidade, non podendo subvencionarse pagos realizados con cargo a contas cuxo titular non sexa a entidade beneficiaria.

Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do dereito de cobranza da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado ou coa entrega aos mesmos dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior

(P.D. Xunta de Goberno Local de 28.06.2019. BOP 124 do 03.07.2019)